

ENTREVISTA | **MARÍA CANOSA**

ESCRITORA

«Sempre procuro pór algo da miña vida en todo o que fago»

«Faíscas» é o novo libro da escritora coruñesa, formado por tres dúcias de relatos curtos baseados na realidade e na ficción

Javier Romero

OURENSE | A precisión matemática que require o seu traballo de enxeñeira gusta da relaxación á hora de plasmar nun texto o seu talento narrativo. Unha inquietude que naceu sendo unha nena e que agora, tras cinco publicacións, reaparece nun novo exemplar, *Faíscas*. Un título que xunta relatos curtos xurridos da imaxinación ou de diferentes realidades que a escritora non esqueceu, plasmándoos nuns textos escritos hai varios anos e que agora están nas librerías a disposición dos lectores. Inquietudes que María Canosa continúa immortalizando no que será o seu novo proxecto, unha novela na que traballa actualmente pero sen data de publicación, «algo que non me gusta marcarme».

—**Que achega neste novo libro «Faíscas»?**

—É o quinto libro tras moitos anos sen publicar, dende o 2000, e supón tres dúcias de relatos, cada un deles con independencia do outro, pero con aspectos que poden ser comúns como o tema do mar, a auga, a ribeira ou a costa, que aparecen constantemente. De feito o tema da portada gústame moitísimo xa que inda que non coñezo o ilustrador debeu ler algún relato, xa que acertou de cheo.

—**E o feito de residir agora no interior de Galicia, ¿non lle inspira?**

—Por suposto, calquera lugar inspira. De feito este libro que se chama *Faíscas*, son pequenas cousas da miña vida, algunhas que aconteceron e outras inventadas. O que sucede é que este libro leva tres anos na editorial e cando me mandaron as probas ás miñas mans para corrixir, reencontreime con el, porque se o escribise hoxe non sería igual.

—**E neste tempo percorrido que menciona, ¿seguíu escribindo?**

—Continúei escribindo, pero a verdade é que cando publicas algo anima a continuar escribindo e empezar de novo. Agora estou escribindo, pero nun rexistro diferente, unha novela, xa que empecei a escribir moi noviña. Cando tiña tres anos inventaba poemas, cando tiña seis anos gañei algún premio con contos e comecei a publicar cando tiña 16 anos inda que a escribín con trece, entón fun escribindo segundo a miña idade e ao medrar eu os textos medraban comigo.

—**¿Considérase unha escritora autodidacta?**

—Eu penso que non hai trucos para escribir, inda que hai esquemas para escritura é algo máis natural. Ademais, o feito de que

a miña nai sexa escritora si que fai que eu estea máis familiarizada coa literatura e axuda a que unha historia natural se converta nun libro.

—**Nos relatos de «Faíscas», ¿existe un contexto autobiográfico?**

—Para min é inevitable en calquera faceta da miña. Sempre procuro pór algo da miña vida en todo o que fago, inda que supoño que lle pasará a todos. Inda que sexa inventado, sempre se reflicte algo persoal. De todas formas algúns si que son realidade e están dedicados.

—**¿A precisión que require o seu traballo de enxeñeira plásmase á hora de escribir, ou son aspectos diferentes?**

—Ás veces pregúntame como o compaxino, e eu sempre contexto que con moita paciencia e sacrificio, xa que houbo temporadas nas que non escribín nada por unha excesiva carga de traballo, outras escribo como forma de liberación e outras estou tan cargada de traballo que non son capaz de escribir nada. Por iso é necesaria a paciencia, xa que é algo que fago de maneira intermitente e non é un traballo, escribo cando teño que contar algo que supón unha liberación ou vía de escape.

—**¿Por que non dirixiu a súa formación académica Ás letras**



María Canosa acaba de publicar o seu sexto libro | J. M. CASAL

e se decantou polas ciencias?

—Cando tiveron que elixir no bacharelato ciencias ou letras foi un dilema e tiveron que buscar a forma de compaxinalas, polo que decidín traballar coas ciencias e no tempo libre continuar escribindo, algo que estudando xornalismo, por exemplo, non me permitiría facer problemas de matemáticas en ratos libres.

—**No momento de tomar esa decisión, ¿influíu o feito de ter unha nai escritora?**

—Tiven liberdade absoluta. Eu non sabía se quería ser enxeñeira de camiños, eu quería unha carreira útil e que non me aburrise.

—**dende que escribiu «Faíscas» ¿visualízase o acontecido co «Prestige» no seus textos?**

—Algó hai sobre o *Prestige* que utilicei nalgunha publicación colectiva como os publicados en La Voz.

—**E as relacións sentimentais, ¿de que maneira están presentes?**

—Case sempre tratan sobre iso os textos, xa sexa de maneira afectiva ou doutras. Aparecen amigos ou familia, é inevitable, algo que tamén aparece na novela que estou preparando.

—**A novela da que fala e que escribe agora, ¿ten data de publicación?**

—Non teño costume de poñer data de publicación ás miñas obras.